

REGULAMENTO DISCIPLINARIO **DA FEDERACIÓN GALEGA DE XADREZ**

TITULO I

Ámbito de aplicación e procedemento sancionador

Artigo 1.- Están suxeitos a este regulamento as persoas, físicas ou xurídicas, pertencentes á Federación Galega de Xadrez, independentemente de onde cometan as súas infraccións, e os actos feitos dentro do territorio de Galicia.

Artigo 2.- Ó abeiro do establecido na Lei Xeral do Deporte de Galicia, tódalas competicións xadrecísticas disputadas en Galicia, estarán suxeitas ó presente regulamento disciplinario.

Artigo 3.- Os expedientes sancionadores principiaron por denuncia de calquera persoa pertencente á FGX, ou participante nalgunha competición auspiciada pola FGX, onde se farán constar os feitos acaecidos e a persoa que os cometeu

Artigo 4.- A denuncia presentárase perante a FGX a través de carta, fax ou e-mail.

Artigo 5.- A FGX trasladará a denuncia ó Xuíz Único ou Comité de Competición, que nun prazo de 5 días dende a súa recepción terá que iniciar o expediente sancionador, notificándolle o interesado os cargos que se lle imputan, dándolle prazo para propoñer e practicar a proba que fora acordada, e con audiencia ó interesado ó termo da instrución, coa posibilidade de alegación por parte deste e de achega de documentos..

Artigo 6.- Recibida a resolución polo denunciado, denunciante e outros que teñan interese lexítimo daráselles un prazo de 5 días para, se o consideran oportuno, recorrer perante o Comité de Apelación, mediante escrito presentado á FGX.

Artigo 7.- Recibido o recurso e todo o expediente polo Comité de Apelación, iniciará o seu incoamento nun prazo de 5 días.

Artigo 8.- Tanto as resolucións do Xuíz Único ou Comité de Competición como as do Comité de Apelación son inmediatamente executables e non se suspenderá a súa execución pola interposición de recursos perante instancias superiores.

Artigo 9.- As resolucións do Comité de Apelación esgotarán a vía federativa, e poderán ser recorridas perante o Comité Galego de Disciplina Deportiva da Xunta de Galicia co prazo que expresamente na resolución se indique.

Artigo 10.- As resolucións dos Órganos xurisdiccionais da FGX serán públicas e estarán publicadas na páxina web da Federación

TITULO II

Clases de infraccións e de sancións. Prescrición.

Artigo 11.- Está prohibida a dobre sanción federativa polos mesmos feitos, así como a sanción por feitos non tipificados no momento da súa comisión. En caso de solapamento temporal, será aplicable ós efectos retroactivos cando lle sexan favorecedores ó infractor.

Artigo 12.- As infraccións clasifícanse en leves, graves e moi graves.

Artigo 13.- A FGX poderá compensar as cantidades económicas que se lle adebeden por concepto de multas, retendo eses cartos dos premios económicos dos Torneos, ou das Subvencións ós clubs, xa que estes serán responsables subsidiarios das multas económicas dos seus membros.

Artigo 14.- As infraccións leves serán sancionadas con:

- a. Apercibimento
- b. Suspensión de licencia de ata un mes ou ata 3 competicións oficiais similares á que deu lugar á infracción, e/ou multa de ata 60 €

As infraccións leves prescribirán ó mes de cometidas. O termo de prescrición comeza a contar o día no que se cometeron os feitos e interrómtese no momento no que se acorda inicia o procedemento sancionador, pero volve correr se o expediente permanece parado durante un mes por causa non imputable ó infractor. A sanción por causa de infracción leve prescribirá ó mes, e o prazo de prescrición comeza a contar dende o día seguinte a aquel no que adquira firmeza a resolución pola cal se impuxo ou dende que se quebrantase o seu cumprimento, se este xa comezou.

Artigo 15.- As infraccións graves serán sancionadas con:

- a) Amoestación pública.
- b) Suspensión dos dereitos de asociado á Federación ata o máximo dun ano.
- c) Suspensión ou privación da licencia federativa ou habilitación equivalente e inhabilitación para ocupar cargos dun mes a dous anos, ou ata 12 competicións oficiais similares á que deu lugar á infracción.
- d) Multa de ata 300 €

As infraccións graves prescribirán ó ano de cometidas. O termo de prescrición comeza a contar o día no que se cometeron os feitos e interrómtese no momento no que se acorda inicia o procedemento sancionador, pero volve correr se o expediente permanece parado durante un mes por causa non imputable ó infractor. A sanción por causa de infracción grave prescribirá ó ano, e o prazo de prescrición comeza a contar dende o día seguinte a aquel no que adquira firmeza a resolución pola cal se impuxo ou dende que se quebrantase o seu cumprimento, se este xa comezou.

Artigo 16.- As infracción moi graves serán sancionadas con:

- a. Suspensión ou privación da licencia federativa ou da habilitación para ocupar cargos nunha organización deportiva xadrecística por un prazo máximo de cinco anos,
- b. Multa de ata 600 €
- c. Perda de puntos ou postos de clasificación
- d. Perda de ascenso de categoría ou división

- e. Suspensión ou privación da licenza federativa ou da habilitación para ocupar cargos na organización deportiva a perpetuidade. Esta sanción só se poderá acordar, de modo excepcional, pola reincidencia en infraccións de extrema gravidade.
- f. Inhabilitación por un período de dous a catro anos, cando as infraccións fosen cometidas por directivos.
- g. Destitución do cargo, cando as infraccións fosen cometidas polos directivos.

As infraccións moi graves prescribirán ós tres anos de cometidas. O termo de prescrición comeza a contar o día no que se cometeron os feitos e interrómtese no momento no que se acorda inicia o procedemento sancionador, pero volve correr se o expediente permanece paralizado durante un mes por causa non imputable ó infractor. A sanción por causa de infracción moi grave prescribirá ós tres anos, e o prazo de prescrición comeza a contar dende o día seguinte a aquel no que adquira firmeza a resolución pola cal se impuxo ou dende que se quebrantase o seu cumprimento, se este xa comezou.

TITULO III

Circunstancias modificativas da responsabilidades, gradación da sanción e aplicación da analoxía

Artigo 17.- Serán consideradas como circunstancias agravantes da responsabilidade a reincidencia, o prezo e o prexuízo económico ocasionado.

Artigo 18.- Serán consideradas como circunstancias atenuantes da responsabilidade o arrependemento espontáneo, a provocación suficiente inmediatamente anterior á comisión da infracción, a precaria situación económica (cando a sanción consista en multa), ou o padecemento de enfermidade psíquica debidamente acreditada.

Artigo 19.- Poderase aplicar a analoxía en situacións semellantes, e que non están perfectamente descritas neste regulamento, tendo en conta que sempre deben primar os principios de boa fe e de deportividade, e sempre en beneficio do infractor. Os órganos sancionadores poderán aplicar a sanción no grao que consideren axeitado, tendo en conta a natureza dos feitos, a personalidade do responsable, as consecuencias da infracción e a concorrencia de circunstancias atenuantes ou agravantes.

TITULO IV

Infraccións comúns

Artigo 20.- Serán infraccións leves

- a. as inxurias leves proferidas no decurso dunha competición
- b. as conductas contrarias ás normas deportivas que non estean incursas na cualificación de graves ou moi graves
- c. a adopción dunha actitude pasiva no cumprimento das ordes e instrucións recibidas de árbitros e autoridades deportivas no exercicio das súas funcións.

Artigo 21.- Serán infraccións graves

- a. as injurias graves proferidas no decurso dunha competición
- b. o dicir xogadas ou comentarios técnicos a un xogador no medio dunha partida, agás no caso dos adestradores
- c. a reiteración de faltas leves

Artigo 22.- Serán infraccións moi graves

- a. as ameazas
- b. as agresións
- c. os quebrantamento de sancións impostas
- d. a utilización, a incitación ou o favorecemento do uso de substancias ou fármacos prohibidos e a negativa a someterse ós controis deles establecidos regulamentariamente
- e. a reiteración de faltas graves.

Artigo 23.- Nunca será infracción a mera manifestación de opinións ou críticas

TITULO V

Infraccións dos xogadores

Artigo 24.- Serán infraccións leves dos deportistas:

- a. Perturbamento leve das competicións nas que participe

Artigo 25.- Son infraccións graves dos xogadores

- a. O non pago das cotas de inscrición nos torneos

Artigo 26.- Son infraccións moi graves dos xogadores

- a. As actuacións dirixidas a predeterminar mediante prezo, intimidación ou simple acordo ou decisión, o resultado dunha proba ou competición.
- b. Os comportamentos, as actitudes e os xestos agresivos e antideportivos, cando se dirixan ó árbitro, outros xogadores, organizadores ou ó público.
- c. A aliñación indebida, e a incomparecencia ou retirada inustificada das probas, dos encontros ou das competicións.

TITULO VI

Infraccións dos árbitros

Artigo 27.- Son infraccións leves dos árbitros:

- a. A demora leve en enviar os informes arbitrais ás federacións correspondentes

Artigo 28.- Son infraccións graves dos árbitros:

- a. A demora grave en enviar os informes arbitrais ás federacións correspondentes

Artigo 29.- Son infraccións moi graves dos árbitros:

- a. A manipulación dos emparellamentos que ocasione prexuízo a algún xogador

TITULO VII

Infraccións dos adestradores

Artigo 30.- Son infraccións moi graves dos adestradores

- a. Dicar xogadas ou comentarios a un xogador no medio dunha partida

TITULO VIII

Infraccións dos organizadores

Artigo 31.- Son infraccións graves dos organizadores

- a. O non acatamento das resolucións dos órganos xurisdiccionais da FGX
- b. A non admisión dalgún xogador nun torneo aberto a causa da súa raza, sexo, relixión ou opinión.
- c. Os organizadores poderán facer uso do dereito de admisión de xogadores en torneos abertos coa condición que no prazo de 24 horas dende o exercicio desa facultade envíen comunicación á FGX dando conta do acordado, e sempre tendo en conta o apartado b deste artigo. O incumprimento deste prazo é infracción grave.
- d. O incumprimento dos acordos con xogadores e patrocinadores do torneo
- e. A organización de actividades distintas ás competicións oficiais sen a preceptiva autorización da Administración deportiva de Galicia

Artigo 32.- Son infraccións moi graves dos organizadores

- a. O non pago de premios ós xogadores

TÍTULO IX

Infraccións da Federación

Artigo 33.- Serán infraccións graves do Presidente da Federación, sen prexuízo das responsabilidades nas que puidesen incurrir outras persoas físicas integrantes dos órganos directivos

- a. O incumprimento de ordes e instrucións emanadas dos órganos deportivos competentes.
- b. O incumprimento das regras de administración e xestión do orzamento e patrimonio.

Artigo 34.- Serán infraccións moi graves do Presidente da Federación, sen prexuízo das responsabilidades nas que puidesen incorrer outras persoas físicas integrantes dos órganos directivos

- a. A participación en probas ou competicións non autorizadas pola Administración deportiva de Galicia
- b. A non execución das resolucións do Comité Galego de Xustiza Deportiva
- c. O incumprimento de acordos da Asemblea Xeral e dos regulamentos deportivos.
- d. A non convocatoria dos órganos de goberno da Federación nos prazos e condicións legais
- e. A incorrecta utilización dos fondos privados ou das subvencións, créditos, avais e demais axudas de carácter público.
- f. A organización de actividades distintas ás competicións oficiais sen a preceptiva autorización da Administración deportiva de Galicia.
- g. A denegación inxustificada de licencia.
- h. O incumprimento dos convenios subscritos coa Administración deportiva de Galicia.

TÍTULO X

Extinción da responsabilidade disciplinaria

Artigo 35.- A responsabilidade disciplinaria extínguese:

- a. polo cumprimento da sanción
- b. polo falecemento do inculpado
- c. por disolución do club ou da federación inculpada
- d. por prescrición das infraccións ou das sancións.